

**ACLARACIÓNS SOBRE AS SOLICITUDES DE
AVALIACIÓN CURRICULAR NA
CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XULLO
E A MATRÍCULA DO CURSO SEGUINTE**

Con respecto ás solicitudes de avaliación curricular na convocatoria extraordinaria de xullo, pódense dar as seguintes posibilidades na matrícula do curso seguinte:

1. O alumno solicita a avaliación curricular de materias con exames extinguidos ou non, con menos de 7 convocatorias esgotadas:

deberá matricularse de outras materias que teña sen superar, con dereito a exame, no prazo ordinario de matrícula, á espera de que lle concedan o "apto por compensación".

2. O alumno solicita a avaliación curricular dunha materia na que esgota a 7ª convocatoria:

solicita a matrícula fóra de prazo doutras materias sen superar con dereito a exame, inmediatamente despois de ter recibido a resolución do "apto por compensación".

3. No caso de que ao alumno non se lle conceda "apto por compensación" nunha materia coa 7ª convocatoria esgotada, deberá adaptarse ao grao, do seguinte xeito:
- a) O alumno solicitará a adaptación fóra de prazo na secretaría do centro correspondente, e poderá resolversele aquela e matricularse a continuación sempre que non estiveran xeradas as actas do 1º cuatrimestre.
 - b) Se xa estivera comezado o período de xeración de actas, o alumno poderá solicitar adaptación ao grao no período de matrícula extraordinaria do 2º cuatrimestre, e, logo de ter resolta a adaptación completa, matricularse só de materias do 2º cuatrimestre.
4. No caso de que ao alumno non lle concedan "apto por compensación" nunha materia ata a 6ª convocatoria esgotada, sen dereito a exame, poderá:
- a) Matricularse de materias sen superar nas que teña dereito a exame.
 - b) Adaptarse ao grao.

Para a avaliación curricular da convocatoria extraordinaria de xullo do curso 2012-2013, hai que ter en conta o seguinte:

- O período de peche de actas é o día 24 de xullo de 2013.
- O prazo para solicitar a avaliación curricular compende dende o 26 de xullo ata o 12 de setembro de 2013 (15 días hábiles a contar dende o día seguinte ao peche de actas, considerando o mes de agosto inhábil a estes efectos).

Vigo, 25 de xuño de 2013

A XEFA DO SERVIZO DE ALUMNADO




María Cristina Rodríguez Cendón